

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE ESPAZOS VERDES PÚBLICOS DO CONCELLO DE LUGO (PLAN MELLORA LUGO 2016). APERTURA OFERTAS ECONÓMICAS.

Sendo as 13:00 horas do día 21 de outubro de 2016, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Jesús Gandoy Cerceda, Adxunto da Sección de Contratación e Patrimonio e actuando como vocais:

- Don Manuel Louzao Aldariz, titular da Asesoría Xurídica.
- Don Marcial Rodríguez Toajas Interventor Xeral.
- Dona María García Ferro, Vicesecretaria do Concello.
- Don Xosé Manuel Cao Rei, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, actuando como Secretario

Asiste así mesmo dona Carmen Vázquez en representación da Asociación Provincial de Empresarios da Construción (APEC).

Abre a sesión o Sr. Presidente e por parte do Sr. Secretario infórmase que a empresa á que se lles concedera un prazo de tres días para subsanar a documentación administrativa, concretamente o Anexo V, a subsanou, polo que todas as empresas presentadas foron admitidas.

A continuación procédese á apertura das ofertas económicas, sendo o seu resultado o seguinte:

- CALFENSA: presenta un prezo de 80.767,50 € e así mesmo presenta un compromiso de contratar a un traballador durante 180 días a xornada completa e outro traballador nas mesmas condicións.

- EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR S.L: presenta un prezo de 70.159,99 € e así mesmo presenta un compromiso de contratar a un traballador durante 180 días a xornada completa e outro traballador durante 180 días, sen especificar que tipo de xornada. Así mesmo oferta unha cantidade de 3.000 € a maiores da cantidade económica esixida como mínimo no prego de condicións técnicas para a adquisición de material destinado á execución do contrato.

- CLECE S.A: presenta un prezo de 81.564,89 € e así mesmo presenta un compromiso de contratar a un traballador durante 120 días a xornada completa.

- MANTECER S.L: presenta un prezo de 83.889,30 € e así mesmo presenta un compromiso de contratar a un traballador durante 180 días a media xornada e outro traballador nas mesmas condicións. Así mesmo oferta unha cantidade de

3.000 € a maiores da cantidade económica esixida como mínimo no prego de condicións técnicas para a adquisición de material destinado á execución do contrato. Así mesmo oferta unha cantidade de 3.000 € a maiores da cantidade económica esixida como mínimo no prego de condicións técnicas para a adquisición de material destinado á execución do contrato

- MURALLA DE REHABILITACIONES S.L.: presenta un prezo de 81.650 € e así mesmo presenta un compromiso de contratar a un traballador durante 180 días a media xornada. . Así mesmo oferta unha cantidade de 8.000 € a maiores da cantidade económica esixida como mínimo no prego de condicións técnicas para a adquisición de material destinado á execución do contrato.

A continuación por parte dos membros da Mesa, procédese á valoración das distintas ofertas presentadas, tendo en conta que a mercantil EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, S.L. tan só se procede á valoración dun traballador, posto que do outro traballador ofertado non se indica o tipo de xornada, quedando o resultado final do seguinte xeito:

	EMPRESAS	PUNTOS POR OFERTA ECONÓMICA	PUNTOS POR TRABALLADORES OFERTADOS	PUNTOS TOTAIS
1	CALFENSA S.L.	1,14	6,00	7,14
2	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR S.L.	4,00	3,00	7,00
3	CLECE S.A.	0,93	2,00	2,93
4	MANTECER S.L.	0,30	3,00	3,30
5	MURALLA REHABILITACIONES S.L.	0,90	1,50	2,40

Á vista do exposto, por parte da Mesa de Contratación, propón a adxudicación da presente licitación, a favor da empresa CALFENSA, S.L., ao acadar esta empresa a maior puntuación (7,14 puntos).

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento

O PRESIDENTE

Asdo.: Jesús Gandoy Cerceda



O SECRETARIO

Asdo.: X. Manuel Cao Rei